




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



RESOLUCION RECTORAL SOBRE RECOÑECEMENTO OS ESTUDIANTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE ESTUDIOS REALIZADOS NO ESTRANXEIRO, NO MARCO DE CONVENIOS OU PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS DE COOPERACION

Os Programas Interuniversitarios de Cooperación (ERASMUS, LINGUA E TEMPUS) permiten a alumnos das Universidades dos diferentes Estados membros da Comunidade Económica Europea a posibilidade de cursar estudos con plenos efectos académicos, nunha Universidade doutro Estado membro. A mesma posibilidade prevese nalgúns convenios bilaterais asinados pola Universidade de Santiago de Compostela con outros centros superiores estranxeiros de prestixio.

Os citados Programas europeos concrétanse a través dos convenios interuniversitarios que poida asinar cada Universidade; convenios nos que, ademais do compromiso de intercambio de alumnos, faise o recoñecemento de que os estudos que realicen os alumnos surtirán plenos efectos na Universidade de orixe para a expedición dun título universitario oficial. Na hipótese de convenios bilaterais asinados pola Universidade de Santiago de Compostela á marxe de Programas europeos, tamén se prevé, nalgúns casos, o recoñecemento dos estudos realizados polos alumnos.

A R.R. do 17 de outubro de 1989 estableceu os procedementos de admisión, matrícula e os efectos que da mesma se derivan, para aqueles alumnos que, procedentes de universidades estranxeiras ó abeiro dos mencionados programas e convenios, fagan estudos nesta Universidade. Como complemento necesario á anterior resolución, é preciso establece-lo procedemento para facer efectivo o recoñecemento de estudos ós alumnos da Universidade de Santiago de Compostela que, como consecuencia dos convenios que esta Universidade suscriba, realicen estudos en universidades doutros países.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO. RECOÑECIMIENTO DE ESTUDIOS

Os estudos que realicen os alumnos da Universidade de Santiago de Compostela en centros universitarios de estados membros da Comunidade Europea, ó abeiro dos Programas Interuniversitarios de Cooperación (ERASMUS, LINGUA E TEMPUS), ou noutros centros universitarios cos que a Universidade de Santiago de Compostela teña asinado un convenio que expresamente preveu esta posibilidade, recoñeceráos esta Universidade con plenos efectos académicos, cando se trate de cursos completos, conforme o disposto nos convenios reguladores e na presente Resolución.

SEGUNDO

Para estes efectos, a Comisión de Docencia de cada centro, e se esta non existise, a Comisión de Validación, a proposta do profesor responsable do Programa Interuniversitario de Cooperación, ou ben do profesor que desexe realizar un intercambio no marco dun convenio bilateral específico, examinará os planos de estudos das universidades participantes e establecerá unha equivalencias entre materias, así como equivalencia de calificacións. A Comisión de Docencia/Validación, cando as disciplinas correspondan a varios Departamentos, elevarán a súa proposta á Xunta do Centro/Facultade. Cando o curso afectado polo intercambio comprenda materias dun só Departamento, a Comisión de Docencia/Validación elevará a súa proposta ó Consello do Departamento.

O acordo da Xunta de Centro/Facultade ou do Consello de Departamento deberá quedar plasmado segundo o Anexo I da presente Resolución, co Visto e Prace do Decano/Director do Centro.

TERCEIRO. FORMALIZACION DO RECOÑECIMIENTO DE ESTUDIOS

A formalización do recoñecemento dos estudos ós que se refire o apartado anterior farase, á vista do convenio e da certificación de estudos que deberá aporta-lo alumno mediante resolución do Decano ou Director do Centro que deberá conter, en todo caso, os seguintes extremos:

- 1) Declaración de recoñecemento con plenos efectos académicos das materias superadas.
- 2) Calificación que corresponda a cada unha das materia cursadas na Universidade de acollida.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non procederá, en ningún suposto, o recoñecemento dos estudos ós que se refire a presente resolución no suposto de que o alumno non esgote o período para o que foi autorizado, ou o da duración da bolsa, ou non acade o nivel requirido nas materias convenidas.

A resolución decanal que estime ou desestime o recoñecemento de estudos notificarase ó alumno e incluírase no seu expediente. Utilizarase como modelo de notificación o que figura como anexo II desta resolución.

CUARTO. TRANSLACION DE CALIFICACIONES

Para os efectos de realiza-la translación de calificacións outorgadas polas Universidades estranxeiras ás que se outorgan na Universidade de Santiago de Compostela, atenderase ó acordo previo de equivalencias, segundo o disposto no apartado segundo da presente resolución.

QUINTO. ACTAS

Os alumnos ós que se refire a presente resolución figurarán en actas diferenciadas, nas que constará a mención "PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE INTERCAMBIO", que deberán ser asinadas polo Secretario do Centro e o profesor director do programa, e visadas polo Decano/Director.

Nas actas das materias dos cursos desta Universidade, nas que estea matriculado o estudante, ó lado do seu nome, no lugar reservado para a calificación, figurará a expresión: "PROGRAMAS INTERNACIONAIS DE INTERCAMBIO".

SEXTO. EXPEDIENTES E CERTIFICACIONES

Tanto nos expedientes dos alumnos, como nas certificacións académicas que dos mesmos se expidan, deberán reflectirse as materias cursadas ó apeiro do Programa/Convenio interuniversitario, así como Universidade, Centro e Estado nos que foron cursadas, e a nota correspondente unha vez efectuada a translación de calificacións ó expediente, mediante a seguinte mención: "Materias cursadas na Universidade de.....Fac/Centro.....(país).....equivalentes ó curso.....da Titulación.....no marco do Programa..../Convenio.....".

Santiago, a 17 de Xullo de 1991
O RECTOR



Ramón Villares Paz



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO I

Programa...../Convenio....

Nº de Programa: Área:
 a Universidade de Santiago de Compostela
 coordina/participa (sublinea o que proceda)
 Profesor responsable:
 Intercambio coa Universidade de.....
 Profesor responsable:
 Nº de participantes no intercambio:
 Duración dos intercambios:
 Proposta de estudos na Universidade de acolida:

Proposta de estudos na Universidade de Santiago de
 Compostela:
 (especificar materias)

Proposta de equivalencias de calificacións:

A presente proposta de equivalencias de materias e
 calificacións, tralo informe da Comisión de
 Docencia/Validación con data do....., foi aprobado pola
 Xunta de Facultade/Centro/Consello de Departamento, na súa
 sesión do.....

Santiago de Compostela, a ... de ... 19 ...

Vº e Prace
 Decano/Director

O Secretario.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO II

Vista a instancia de D. _____, alumno de _____ (centro) en solicitude de recoñecemento dos estudos feitos na (Universidade estranxeira e Centro) o amparo de _____ (Programa ERASMUS, LINGUA, TEMPUS ou Convenio Bilateral)

Resultando que o solicitante formalizou matrícula no curso neste Centro e o amparo do (Programa ou Convenio) citados realizou estudos na Universidade de.....

Vistos o Convenio regulador do intercambio firmado polas Universidades de Santiago de Compostela e..... e a Resolución Rectoral do..... sobre efectos dos Programas Interuniversitarios de Cooperación.

Considerando que conforme o Convenio e a Resolución citados as materias cursadas na Universidade de..... surten plenos efectos na de Santiago de Compostela para a obtención dun título oficial e a súa calificación no expediente é a que se deriva da tabla de equivalencias recollida no convenio.

ESTE DECANATO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Recoñecer ás materias, das que se fai mención a continuación, plenos efectos para a obtención do título universitario oficial de _____ cas calificacións que para cada unha delas se expresan.

Materia

Calificación

Contra a presente Resolución que non esgota a vía administrativa poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de 15 días a partir do seguinte a súa notificación ante o Rectorado da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago a.....de.....de 199

O DECANO,